

TAREFAS DO 27 DE ABRIL AO 1 DE MAIO

ACTIVIDADES DE REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN DE CONTIDOS

E REMATE DE PROXECTOS EN MARCHA

3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Queridas familias:

En primeiro lugar, agradecervos a todas (por suposto tamén a aquelas que por dificultades da orixe que fose non puidestes unirvos á videoconferencia) a vosa implicación para facer posible que os vosos fillos e fillas puidesen compartir parte do seu tempo de confinamento comigo e co resto dos compañeiros da clase. Foi fermoso verlles as caras de novo despois todas estas semanas sen poder facelo, que compartisen un pouco das súas vivencias e que se soltasen a falar e escoitasen aos demais. Síntoo por aqueles que non puideron gozar destes momentos, mais seguramente haberá oportunidade de repetilo (xa vos irei avisando).

Por outra banda, déixovos novas tarefas para esta semana; polo de agora van ser **actividades de repaso, reforzo e ampliación de contidos xa vistos** na clase, pois é o que marcan as instrucións que nos chegaron ata o momento por parte da Consellería de Educación. Tamén inclúo **tres tarefas para rematar proxectos** que xa estaban en marcha: de **fotografía**, de **radio** e de **prensa** escolares. O de fotografía é o que xa vos propuxen a semana pasada, mais volvo a lembralo para aqueles que faltades por envialo pois o prazo remata esta semana. É moi enriquecedor que os nenos e nenas participen nestes proxectos, así que tamén espero recibir as tarefas de radio e de prensa (por favor, estas dúas enviádeas ao meu correo electrónico persoal: marina.garcia.san.leon@edu.xunta.es). Máis abaixo dou detalles de en que consiste cada unha.

Finalmente, e aínda que non podemos avanzar cos contidos do terceiro trimestre polo momento, deixo colgado un pdf coas ligazóns actualizadas aos libros dixitais e un vídeo explicativo que vos pode axudar. Esta nova listaxe de ligazóns contén cambios no libro de Lengua Castellana, así que esquecede a anterior que vos pasei.

Ánimo para o resto do tempo de confinamento: xa queda menos!

ACTIVIDADES DE REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN DE CONTIDOS

MATEMÁTICAS

Libro en papel / Libro digital

- Páxina 91. Cálculo mental: exercicios 1 a 3.

Aclaro mis ideas: leer.

- Páxina 92. ¿Te acuerdas?: exercicios 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 9, 10.

- Páxina 93. ¡Atención, preguntas!: exercicios 1, 7, 8, 9, 10.

- Páxina 107. Cálculo mental: exercicios 1 a 3.

Aclaro mis ideas: leer.

- Página 108. ¿Te acuerdas?: ejercicios 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10.
- Página 109. ¡Atención, preguntas!: ejercicios 1, 4, 5, 7, 8, 9, 10.

LENGUA

Libro en papel / Libro digital:

- Página 129: leer la retahíla, copiar el recuadro amarillo y hacer los ejercicios 1 a 3.
- Página 145: ejercicios 9 a 12.
- Páginas 146 y 147: todo.

LINGUA

- Libro en papel / Libro dixital: páxinas 52, 53, 54 e 55 (todo).
- Actividades propostas máis abaixo dentro dos **proxectos de prensa e radio** que debes enviar ao meu correo persoal.
- Para aqueles que non o enviastes, estaría ben que intentásedes o reto lingüístico-musical proposto a semana pasada por Patricia e que está colgado co resto das actividades na páxina web do centro. Titúlase “**Atrévete cun trabalinguas?**”: <https://musicasofan0.wixsite.com/retosmusicais>

CIENCIAS NATURAIS

- Libro en papel / Libro dixital (se non tedes o libro en papel nin podedes acceder ao libro dixital, comentádemo).
Páxina 53: ler e copiar a "clave de clasificación" que aparece ao final da páxina.
Páxinas 54 e 55: ler e facer exercicios 2, 3, 4 e 7.
- Actividade voluntaria unha vez rematadas as demais. "O sabor da aventura está no mar": [fai click aquí](#) (entra e pincha sobre "visualizar"). Bota unha ollada para repasar o que xa traballamos no colexio.

CIENCIAS SOCIAIS

Libro en papel / Libro digital

- Páxina 71: exercicios 5, 6 e 7
- Páxina 94: exercicio 3 (facelo e pasalo a limpo nun folio en branco, poñerlle nome).

EXPRESIÓN PLÁSTICA

- Proba semanal colgada no blog de 3º e 4º. Facer a manualidade e subir o vídeo do **cabaliño de papel** (se conseguen que ande) ou a foto (se o non quere andar): <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/node/1539>
- Para aqueles que non a enviastes, a actividade de "**Fotografías con arte**" da que deixo detalle a continuación.

PROXECTOS DE CENTRO

ACTIVIDADES A REALIZAR POLO ALUMNADO
DE TERCEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA



FOTOGRAFÍAS CON ARTE

Aqueles que aínda non o fixestes, estades a tempo de enviar as vosas fotografías nas que aparezades transformados en obras de arte!

A continuación, lémbrovos a ligazón á información desta actividade:

<https://drive.google.com/file/d/13VtmEFjHgt990vqAjpW6GkF3H68jGtDI/view?usp=sharing>

PRAZO

30 de abril



RADIO: AUDIOLIBRO

Gravade un audio contando ou lendo un conto e enviádeo para despois colgalo en **Radio Sofán**. O conto pode ser real ou inventado. Se é moi longo, podedes contar ou ler só un fragmento.

PRAZO

10 de maio



PRENSA: SOFÁN NEWS

Escribide un artigo/redacción ou ben facede un debuxo ben bonito que represente o que estades a vivir estes días de confinamento nas vosas casas: coa familia, temas da escola, preocupacións...

Seleccionaremos algúns dos vosos traballos e formarán parte dun número especial de **Sofán News**: "Covid_19 O noso confinamento".

PRAZO

10 de maio

Moitas grazas unha vez máis polo voso esforzo!

Mariña García San León

Titira de 3º de Educación Primaria